

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 19 de xullo de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada, *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34046.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2024.

2.34047.- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2024 (Expte: 2024024462)

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal para o ano 2024.



Terceiro.- En data 25/06/2024 emítase informe xustificativo da subvención a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito a estatal para o ano 2024.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 08/07/2024 as bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.



No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2024.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos de participación e adestramento dos equipos e das deportivas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.



De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 900.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3410.489.20 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal para o ano 2024 e que figuran con seguinte CSV: A801X9008CBO3JNI

3.34048.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024 (Expte.2024000499)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 28, de 8 de febreiro de 2024, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 8 de marzo de 2024.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta que se remite xunto cos expedientes a Intervención, na que especifica que se presentan a convocatoria un total de 49 solicitudes, das que 37 solicitudes foron presentadas por entidades que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e 12 entidades incumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Resultando que con data 10 de xullo de 2024, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 37 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024 e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 200.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 24/250.2315.480.01.



Resultando que o día 10 de xullo de 2024 reúnese a comisión de valoración para estudar os 49 expedientes presentados á convocatoria, admitíndose un total de 37 solicitudes, doce das solicitudes desestímense por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décima quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acordap por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2024, a favor das 37 entidades que a continuación se relacionan, por importe global de 200.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 24/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Concello	Cód. expediente	NIF/CIF	Entidade	Obxecto subvención	Importe Asignado
1	Vigo	2024016474	G24452435	FUNDACION JUAN SOÑADOR	Itinerarios individuais e espazo de encontro entre mulleres	6.885,75 €
2	Crecente	2024016798	R3600113I	COLEGIO NTRA SRA DE FATIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA	E mulleres tiñamos que ser	6.715,75 €
3	Pontevedra	2024016571	G36164887	DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOC SINDROME DE DOWN	A igualdade das mulleres desde o plano sexual e afectivo. Emociónate	6.630,74 €
4	Vilagarcía de Arousa	2024016841	G15859911	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	Programa de recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades	6.460,72 €
5	Vigo	2024015826	G36697324	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	Muller: educación para a saúde	6.460,72 €
6	Pontevedra	2024015990	G28197564	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	Moito por gañar	6.290,70 €



7	Vigo	2024016566	G27718907	ASOC NOS MESMAS	Plan de formación en diversidade afectiva sexual e de xénero, 2024	6.205,69 €
8	Vigo	2024016590	G27746486	ASOCIACION XARUMA	Voces moradas	6.120,68 €
9	Pontevedra	2024016722	G36344950	FEDERACION ASPACE GALICIA	Coñozo os meus dereitos, exerzo os meus dereitos	6.120,68 €
10	Cangas	2024015831	G36380301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	Prevención e loita contra o linfedema 2024	6.000,00 €
11	Mos	2024016744	R3600131A	CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	Mulleres que brillan II	6.000,00 €
12	Cambados	2024016840	G15656762	ASOCIACION PARA A PROMOCION E INTEGRACION DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL AGRA	Autoconecemento e autocoidado das mulleres	6.000,00 €
13	Vigo	2024016476	G27783950	ASOC DIVERSIDADES	Donas da cidade 2024	5.950,66 €
14	Vigo	2024016588	G81454969	FUNDACION AMIGÓ	Proxecto acompañando	5.950,66 €
15	Pontevedra	2024014917	G27820182	ARELAS ASOC DE FAMILIAS DE MENORES TRANS*	Proxecto Queré-trans	5.950,66 €
16	Mos	2024016570	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	Activando o rural – O empoderamento das mulleres con discapacidade	5.780,64 €
17	Pontevedra	2024015989	G15551120	FUNDACION MENIÑOS	Programa de atención perinatal para nais en vulnerabilidade social	5.780,64 €
18	Vigo	2024016565	G36624120	ASOCIACION APAMP	Ao teu carón II	5.440,61 €
19	Vigo	2024016823	G36837433	ASOCIACION MULLERES PEDRA DA VELLA	Punto de atención a mulleres vulnerables (socialmente)	5.355,60 €
20	Vigo	2024015828	G36776920	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	Ó teu carón - Acompañamento interdisciplinario a mulleres cuidadoras	5.355,60 €



21	Pontevedra	2024016585	R1500053B	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	Lucha contra la pobreza femenina 2024	5.270,59 €
22	Vigo	2024016586	G27826999	ASOCIACION DE EMPRESARIAS DE GALICIA	VI Foro de la mujer	5.270,59 €
23	Tui	2024016728	G94194701	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE TUI	Contos coeducativos - Aprendendo sobre igualdade	5.270,59 €
24	Silleda	2024015830	G36527745	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA	Sementando igualdade	5.270,59 €
25	Lalín	2024016719	G70370119	ASOC. PUNTODELAS-SECRETARIA DAS MULLERES	Labregas enredadas. Rede de produtoras sostibles	5.185,58 €
26	Pontevedra	2024016839	G36642726	ASOC DE AYUDA A LOS TOXICOMANOS ERGUETE	Grupos de autoaxuda para mulleres vulnerables dos centros de saúde da area sanitaria de Vigo	5.185,58 €
27	Vigo	2024017356	G36617082	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	De nós, por nós e para tod@s	5.100,57 €
28	Marín	2024017359	G16824088	ASOCIACION IRIS SOCIAL	Nasti de plasti	4.941,34 €
29	Vigo	2024016567	G36797579	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	Proxecto de restablecemento e empoderamento de mulleres vítimas de violencia de xénero, fillas, fillos e persoas dependentes a cargo	4.590,51 €
30	Pontevedra	2024017351	G36020691	ASOC PROV AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES RIAS BAIXAS	Escola de empoderamento da muller	4.505,50 €
31	Vigo	2024012351	G36861078	FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	Proxecto Dana	4.358,28 €
32	Cangas	2024016811	G36204931	ASOCIACION DE CARIDADE SANTIAGO APOSTOL	Comendo en igualdade	4.335,48 €



33	Vigo	2024016810	G36880615	FUNDACION INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	Proxecto igualdade: proceso de integración para mulleres con discapacidade intelectual	4.000,00 €
34	Vigo	2024016563	G36627453	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	Nos mesmas 2024	3.990,06 €
35	Vigo	2024013707	G27727593	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	Proxecto mulleres con moito que dicir 2024	3.900,00 €
36	Cangas	2024016589	G36100071	ASOC DE PAIS E NAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIUICA - ASPAMSIM	Desenvolvemento persoal e participación social para persoas con discapacidade intelectual	3.797,84 €
37	Vigo	2024017354	G27712306	ASOCIACION DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+Ciencia en feminino	3.570,40 €

2.- Desestimar as solicitudes das seguintes entidades por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria:

- Sete entidades non subsanan tralo requirimento:
 - Asociación pola Igualdade e a Coeducación (APICO) (CIF: G94088549)
 - Asociación de Maiores de Pontearreas (CIF: G36341113)
 - A Morada Nosa Sociedade Coop Galega (CIF:F67875781)
 - Asociación O Son do Pobo (CIF: G94017704)
 - Asociación Imaxina e Axuda (CIF:G94192960)
 - Asociación Rexurdir de Actividades Sociais (CIF: G36046241)
 - Asociación Contra o Maltrato ESMAR Maltrato Cero (CIF: G94127883)
- Dúas entidades incumpren a base cuarta por non presentar certificado de inscrición no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) na área de igualdade:
 - Asociación Xuvenil Cultural Staccato (CIF:G36592582)
 - Arnela Soc. Coop. Galega (CIF:F72575616)



- Unha entidade incumpre o establecido na base 17.k:
 - Sindicato Labrego Galego-Comisiones Labregas (CIF: G27023951)
- Unha entidade incumpre o establecido na base sétima:
 - Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (CIF:G94200326)
- Unha entidade incumpre a base decimo cuarta:
 - Asociación para el desarrollo educativo y cultural (CIF: G94153053)

4.34049.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN A IGREXA (SALAR)” (Expte. 2024021649)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021345, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de Caldas de Reis* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 199.310,28€, co obxecto do financiamento do investimento “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN A IGREXA (SALAR)”, cuxo orzamento ascende 199.310,28€, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	199.310,28	199.310,28	0,00	0,00



- O concello solicita expresamente que, o importe que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2 e Liña 4, sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1-Investmentos, así como parte do importe asignado á Liña 3, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Máis Provincia 2024 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2, 3 e 4 para facer investimentos (liña 1).
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia.

A devandita autorización, a acta de trazado previo (anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/07/2024, emendado en data 12/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G, unha subvención por importe de 199.310,28€ co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento de residuais en a igrexa (Saíar)*” (Expte.2024021649), cuxo orzamento ascende 199.310,28 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	199.310,28	199.310,28	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia xunto coa acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de *Caldas de Reis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.34050.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA A ZONA DEPORTIVA” (EXPTE. 2024021664)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021362, formalmente e en prazo, emendado en datas posteriores, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Illa de Arousa na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 133.765,23 €, co obxecto do financiamento do investimento “Adquisición de terreos para a zona deportiva”, en base a un orzamento de 165.807,63 €, financiando o concello con fondos propios 32.042,40 €.
- O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 90.647,08 € da Liña 1 á Liña 2 e 12.451,52 € da Liña 4 á Liña 1
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 12/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de A Illa de Arousa*, CIF: P8600004I, unha subvención por importe de 133.765,23 € co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición de terreos para a zona deportiva*” (exp: 2024021664)”, cuxo orzamento ascende a 165.807,63 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	165.807,63	133.765,23	0,00	32.042,40



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de A Illa de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34051.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “NOVA REDE DE SANEAMENTO EN CARREGAL” (Expte.2024022465)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021975, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de TOMIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 461.494,41 euros, co obxecto do financiamento do investimento “NOVA REDE DE SANEAMENTO EN CARREGAL”, cuxo orzamento ascende 461.494,41 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
461.494,41 €	461.494,41 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios de redacción e proxecto e dirección de obra por importe total de 21.609,97 euros.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas.

A devandita autorización e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 08/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Tomiño* (CIF:P3605400E), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 461.494,41 euros co obxecto do financiamento do investimento “NOVA REDE DE SANEAMENTO EN CARREGAL” (exp: 2024022465)”, cuxo orzamento ascende 461.494,41 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
461.494,41€	461.494,41€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de redacción e proxecto e dirección de obra por importe total de 21.609,97 €.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas xunto coa acta de trazado previo (Anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Tomiño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.34052.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE JARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACIÓN” (Expte.2024021692)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021190, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de TUI na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 216.194,67 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE JARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACION*”, cuxo orzamento ascende 216.194,67 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
216.194,67 €	216.194,67 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.550,77 euros.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e informe da Comisión de Seguimento do PEPCHA, ase mesmo precisa de autorización da propiedade lindeira para acceso durante a obra (achega documento de recoñecemento dereito de servidume temporal de paso).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e o informe da Comisión de Seguimento do PEPCHA.

A devandita autorización e informe do PEPCHA serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 08/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 216.194,67 € co obxecto do financiamento do investimento “*ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE JARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACION*” (exp: 2024021692)”, cuxo orzamento ascende 216.194,67 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
216.194,67€	216.194,67€	0,00€	0,00€



- O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.550,77 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e o informe da Comisión de Seguimento do PEPCHA. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.34053.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONTINUIDADE DE SENDA PEONIL E REORGANIZACIÓN DE CRUCE CARBALLIÑO-SIXTO. XANZA” (Expte.2024020333)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019709, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de VALGA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 116.042,61 euros, co obxecto do financiamento do investimento “CONTINUIDADE DE SENDA PEONIL E REORGANIZACIÓN DE CRUCE CARBALLIÑO-SIXTO. XANZA”, cuxo orzamento ascende 116.042,61 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
116.042,61 €	116.042,61 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 09/07/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Valga* (CIF:P3605600J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investimentos, unha subvención por importe de 116.042,61 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Continuidade de senda peonil e reorganización de cruce Carballiño-Sixto. Xanxa*” (Expte. 2024020333), cuxo orzamento ascende 116.042,61 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
116.042,61€	116.042,61€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.34054.- CAMBIO DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 4.33561 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/03/2024, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE BAIONA” (Expte. 2024010566)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 08/03/2024, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.33561, concedeuse ao Concello de BAIONA, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención para o financiamento do investimento “*Instalación de ascensor na casa consistorial do concello de Baiona*” (Expte. 2024010566) por importe de 176.304,73 €, tal como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Execución obra	210.484,73	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00
Honor direcc e coordin Seg y S	5.820,00	5.820,00 (4.320,00 direcc+1.500 de coord)	0,00	0,00
Total	216.304,73	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00

O *Concello de Baiona*, en data 30/05/2024 presenta instancia por rexistro WEB2024035335 na que manifesta que se ve na necesidade de realizar un cambio de proxecto dado que precisan realizar no proxecto inicial unha serie de modificacións que afectan directamente as obras de instalación do ascensor e da nova escaleira.



O Concello presenta un novo proxecto técnico aprobado polo órgano competente e adaptado á nova situación, solicitando que se tramite o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.

Esta situación implica un incremento do seu orzamento o que será financiado con fondos do propio concello, polo que a financiación da actuación quedaría tal é como se detalla na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Execución obra	242.657,31	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	32.172,58
Honor direcc e coordin sys	5.820,00	5.820,00 (4.320,00 direcc+1.500 de coord)	0,00	0,00
Total	248.477,31	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	32.172,58

- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 02/07/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 02/07/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/07/2024 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 10/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2024010566, polo achegado en data 30/05/2024 con rexistro núm. WEB2024035335, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 4.33561, do día 08/03/2024 polo que se concede ao *concello de Baiona*, CIF: P3600300B, a cantidade de 176.304,73 € con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de ascensor na casa consistorial do concello de Baiona*”, quedando configurada a súa financiación como indica a seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
Execución obra	242.657,31	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	32.172,58
Honor direcc e coordin	5.820,00	5.820,00 (4.320,00 direcc+1.500 de coord)	0,00	0,00
Total	248.477,31	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	32.172,58

- O proxecto técnico modificado implica a variación do orzamento, que aumenta en 32.172,58 € (13,26%) ata o importe de 242.657,31 €, asumindo o Concello de Baiona o compromiso de financiamento de dito incremento. Respecto ao novo orzamento, a subvención concedida supón o 70,95405%. O cambio non altera o importe da subvención outorgada e co mesmo enténdese que non se prexudican dereitos de terceiros.



- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 4.33561, do día 08/03/2024, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

10.34055.- APROBACIÓN DA “ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA” (Expte. 2021059527)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 10/12/2021 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 4.31059 polo que se aprobaba o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*”
- En data 23/12/2021, asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra. A finalidade é a consecución dun obxectivo de claro interese público consistente na rehabilitación e posta en valor dun inmovible de titularidade municipal, mellorando o patrimonio cultural e a calidade do entorno protexido e ofrecer unha maior calidade de servizo ao conxunto da cidadanía, ao modernizar as instalacións municipais existentes.
- En data 15/12/2023, por acordo de Xunta de Goberno núm. 6.33276 aprobouse unha addenda para prorrogar a vixencia do devandito convenio ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31/10/2024, e o prazo para a súa xustificación ata o día 31/12/2024.
- O 06/05/2024, o Concello solicita da Deputación de Pontevedra, para o financiamento tanto do proxecto modificado como dos eventuais excesos de medición que puidesen existir, un aumento da colaboración económica para finalizar as citadas obras de rehabilitación.
- De acordo co anterior, a cláusula novena prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento, que terá por obxecto o seguimento e control do cumprimento do presente convenio e das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.



- En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 09/05/2024, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e dar a súa aprobación ao “Modificado nº 1 do proxecto de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra”, asinado en data 14/12/2023, aos exclusivos efectos de tramitar na Deputación de Pontevedra unha solicitude de nova achega económica para rematar as obras previstas no convenio de colaboración asinado o 23/12/2021.
- En data 20/06/2024, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da Comisión de Seguimento, e acórdase por unanimidade realizar unha reformulación das obrigas económicas vinculadas ao convenio, en base as peculiaridades derivadas da execución real do investimento, de acordo ao contido da acta da reunión (CSV: TJ1NKC2LXQZUV78W), e que implicaron a necesidade de tramitar un proxecto modificado do proxecto de obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra.
- As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento, con IVE, de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.780.157,52€), desagregado en: 1.620.574,59€ do proxecto modificado a prezo de adxudicación e, 159.582,93€ de medicións finais previstas pola dirección facultativa das obras.

Malia que o Concello de Pontevedra solicita que a diferenza entre o orzamento adxudicado (1.350.486,66€) e o orzamento do proxecto modificado máis os excesos de medición estimados (1.780.157,52€), que son 429.670,86€, sexa financiada pola Deputación con cargo á anualidade 2024, en realidade a Deputación soamente debe imputar a esta anualidade a cantidade de 418.779,83€ pois os restantes 10.891,03€ correspóndense coa baixa de adxudicación, crédito que xa está comprometido polas dúas administracións no convenio inicial.

- Así, polo exposto, a Deputación de Pontevedra financiará o 100% do incremento de coste con respecto ao inicialmente previsto no convenio 1.361.377,69€, isto é, 418.779,83€ e, con respecto do total da actuación financiará un 92,35% sobre un orzamento de 1.780.157,52€, contra as seguintes aplicacións orzamentarias: 2024/942.9420.762.14.2021, 2024/942.9420.762.14.2022 e 2024/942.9420.762.14, respecto da cal consta crédito dispoñible suficiente para realizar unha retención de crédito.

En concreto, as achegas da Deputación proveñen de diferentes anualidades e polas seguintes cantidades:

2021	2022	2024	TOTAL
970.000,00€	255.239,92€	418.779,83€	1.644.019,75€



A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado (1.644.019,75€), no que se inclúen os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que derivan do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como da súa modificación.

O Concello de Pontevedra financiará os restantes 136.137,77€.

– Polo exposto, dado que a cláusula segunda rubricada Financiamento establece que:

“As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento base de licitación de UN MILLÓN TRESCENTOS SESENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.361.377,69€), IVE incluído, e financiaranse nun 90% pola Deputación de Pontevedra nas anualidades 2021 e 2022, contra a aplicación 2021/942.9420.762.14 e a correspondente aplicación do orzamento do organismo provincial do ano 2022.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización das obras comprendidas neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2021	2022	TOTAL
Deputación de Pontevedra	970.000,00€	255.239,92€	1.225.239,92€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que derivan do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”.

Acórdase que, en virtude da reunión da Comisión de Seguimento celebrada en data 20/06/2024, modificar a devandita cláusula e que quede redactada como segue:

“As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento, con IVE, de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.780.157,52€), desagregado en 1.620.574,59€ do proxecto modificado a prezo de adxudicación e 159.582,93€ de medicións finais previstas pola dirección facultativa das obras.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.



A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2024/942.9420.762.14.2021, 2024/942.9420.762.14.2022 e 2024/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2021	2022	2024	TOTAL
970.000,00€	255.239,92€	418.779,83€	1.644.019,75€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, no que se inclúen os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que derivan do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como da súa modificación.

O **Concello de Pontevedra** financiará os restantes 136.137,77€.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

No caso de que o investimento realizado teña un custo superior, eses incrementos asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra ”

- No expediente consta a documentación técnica da obra a desenvolver, “Modificado nº 1 do proxecto de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra” (CSV:HDM7DOS4VQX37O5B), que foi informada favorablemente polos facultativos técnicos do servizo de Cooperación en data 09/05/2024 (CSV:147F5M9W79YQCK0A).
- O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda reflíctense na solicitude da mesma de data 06/05/2024 (CSV:RTNG00OMVFYS1RRX), na que se xustifica a necesidade de adecuación financeira, á vista das necesidades de execución de obra xurdidas derivadas do estado da estrutura do inmovible, e que non supoñen ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio. Así mesmo, a pesar de que o convinte nestes casos é a celebración dun novo convenio, a figura da addenda xustifícase pola proximidade da data de vixencia do mesmo e o elevado grado de execución xa que, no caso contrario, o Concello non estaría posibilitado para o remate do investimento.
- En data 08/07/2024, o concello de Pontevedra, mediante rexistro WEB2024045421, remite certificado de acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local, na que se aproba a “Addenda nº 2 para a adecuación do financiamento do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra.”.



- Que recibida a documentación necesaria para a formalización da addenda por parte do concello de Pontevedra, a xefa do Servizo de Cooperación en data 15/07/2024 informa a proposta de addenda (CSV:7NQ3GRCFGFZR80QZ) e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe favorable (CSV: D9RLWAWJ9NEG1K11) na mesma data. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do concello de Pontevedra

Consideracións Xurídicas:

Competencia

- Artigo 25.2.a) da LRBRL, en concordancia co artigo 80 da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de rehabilitación da edificación.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.



- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 9ª do convenio, que indica que as funcións da comisión de seguimento do convenio serán, entre outras, impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, INFORMO FAVORABLEMENTE prestar conformidade ao proxecto modificado e a sinatura da “*Addenda nº 2 para a adecuación do financiamento do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra*”, co fin de adecuar as achegas económicas inicialmente comprometidas á execución real do investimento, que supoñen un incremento da achega da Deputación de Pontevedra de 418.779,83€, incremento que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria **2024/942.9420.762.14**, na que existe crédito dispoñible suficiente para poder realizar unha retención de crédito pola devandita cantidade e modificando, polo tanto, a cláusula segunda do convenio mantendo invariable o texto do mesmo en todo o demais, e conforme á addenda asinada en data 26/12/2023 pola que se prorroga o prazo de vixencia do mesmo.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.



Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto modificado
- Aprobar a “*ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”

Na data da sinatura electrónica

INTERVENEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,



EXPOÑEN

I.- *Que con data de 23 de decembro de 2021 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.*

II.- *Que con data 26 de decembro de 2023 asinouse unha Addenda para prorrogar a vixencia do devandito convenio co obxecto de ampliar o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31 de outubro de 2024, e o prazo para a súa xustificación ata o día 31 de decembro de 2024.*

III.- *Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.*

IV.- *A Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 20/06/2024, acorda, por unanimidade, realizar unha reformulación das obrigas económicas vinculadas ao convenio, en base as peculiaridades derivadas da execución real do investimento, de acordo ao contido da acta da reunión (CSV:TJ1NKC2LXQZUV78W), e que implicaron a necesidade de tramitar un proxecto modificado do proxecto de obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra.*

V.- *Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación financeira do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do Concello de Pontevedra” conforme ás seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Modificar a Cláusula Segunda. Financiamento de acordo co seguinte texto:*

“As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento, con IVE, de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.780.157,52€), desagregado en 1.620.574,59€ do proxecto modificado a prezo de adxudicación e 159.582,93€ de medicións finais previstas pola dirección facultativa das obras.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.



A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2024/942.9420.762.14.2021, 2024/942.9420.762.14.2022 e 2024/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2021	2022	2024	TOTAL
970.000,00€	255.239,92€	418.779,83€	1.644.019,75€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, no que se inclúen os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que derivan do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como da súa modificación.

O Concello de Pontevedra financiará os restantes 136.137,77€.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

No caso de que o investimento realizado teña un custo superior, eses incrementos asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra ”.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de decembro de 2021 mantense invariable, e conforme á addenda de data 26 de decembro de 2023 respecto do prazo de execución e xustificación do investimento, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay ”

- Fcultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



11.34056.- AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª, 3ª, 6ª E 7ª MOBILIDADE) (Expte: 2023003512)

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.
- Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.
- Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE)*, emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121, KA122), correspondente á convocatoria de propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios.

Para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio de aceptación da subvención concedida e asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.



O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Ao cabo de 12 meses solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 6 de xuño de 2024 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio de 2025.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos, persoal e docentes participantes, concreción do país de destino e data de inicio da mobilidade. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto. Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuírse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira mobilidade aprobada o 23 de febreiro de 2024 en sesión ordinaria da Xunta de Goberno, acordo número 5.33504.- *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE)* (Nº expediente 2023003512) pola contía total de 63.137€, comprendeu un total de 14 participantes que iniciaron a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa. Esta mobilidade foi ampliada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024, *acordo número 11.33838.- AMPLIACIÓN DA BOLSA DE MOBILIDADE AO ALUMNO YÁBSERA SOUTO AYO, PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE)*, pola contía de 2.618,00€.
- A segunda mobilidade aprobada o 20 de marzo de 2024 por Resolución Presidencial RP2024002314 *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (2ª MOBILIDADE)* pola contía de 804,00€, comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira mobilidade foi aprobada por Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de abril de 2024 co acordo 5.33603.- *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE Ó ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (3ª MOBILIDADE)* (Expte.2023003512) pola contía de 94.636,00€. Comprende un total de 17 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A cuarta mobilidade aprobada por Resolución Presidencial con data 17 de abril, RP2024003125 *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (4ª MOBILIDADE)* pola contía de 1.994,00€, comprende a 2 docentes que iniciaron a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.



- A quinta mobilidade aprobada o 24 de abril de 2024 por Resolución Presidencial RP2024003358 ADXUDICACIÓN DE BOLSA DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (5ª MOBILIDADE) pola contía de 1.088,00€, comprende a 1 docente que iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.
- A sexta mobilidade aprobada por Resolución Presidencial o 6 de maio de 2024 RP2024003792 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS E PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (6ª MOBILIDADE) pola contía 14.077,00€. Comprende a 1 docente e 3 estudantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- A sétima mobilidade aprobada o 4 de xuño de 2024 por Resolución Presidencial RP2024004642 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS PARTICIPANTES NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (7ª MOBILIDADE) pola contía de 23.819,00€. Comprende a 8 participantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño de 2024 con destino Croacia, Francia, Italia, Malta e Portugal.
- A oitava mobilidade aprobada o 19 de xuño de 2024 por Resolución Presidencial RP2024005206 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS PARTICIPANTES NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (8ª MOBILIDADE) pola contía de 27.346,00€. comprende a 2 alumnos que iniciarán a mobilidade en xullo de 2024 con destino Italia.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en setembro do 2024.

A cláusula 3.3 do convenio de subvención Erasmus+ para estudante e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima prevista na cláusula 3.3 (365 días).

Tendo en conta que o SEPIE en data 6 de xuño de 2024 notificou a aprobación da ampliación da duración do proxecto ata o 31 de maio de 2025 e que as seguintes persoas beneficiarias das mobilidades solicitaron a ampliación da duración da estancia procede a súa tramitación, para o cumprimento dos obxectivos do proxecto e a súa execución en tempo e forma segundo se detalla no Anexo.

Con data 15 de xullo de 2024 emitíuse informe de ampliación da 1ª, 3ª, 6ª e 7ª mobilidade participante no proxecto Erasmus+ 2023 asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e praxe do Deputado Delegado.



Con data 15 de xullo de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión de ampliación das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa na 1ª, 3ª, 6ª e 7ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023 detalladas no anexo. A contía ascende a 45.850,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005 - ERASMUS+ 2023

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión da ampliación de bolsas de mobilidade ao alumnado detallado no ANEXO. Para a ampliación destas 1ª, 3ª, 6ª e 7ª mobilidade a contía ascende a 45.850,00 que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005_ERASMUS+ 2023 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.
2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



ANEXO

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
1º	2024042786	Yabsera Souto Ayo	***1482**	Xestión administrativa	IES PEDRO FLORIANI	REPÚBLICA CHECA	31/08/2024	21/12/2024	113	3.842,00 €

TOTAL AMPLIACIÓN 1ª MOBILIDADE 3.842,00 €

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
3ª	2024044522	David Álvarez Vázquez	***8367**	Instalación e amoblamento	CIFP A XUNQUEIRA	IRLANDA	01/09/2024	19/12/2024	110	5.060,00 €
3ª	2024043377	Mario Sánchez Tombo	***7646**	Vídeo Dj e Son	IES AUDIOVISUAL DE VIGO	MALTA	01/09/2024	19/12/2024	110	4.400,00 €
3ª	2024042797	Priscila Marília Joaquim Bastos	***2000**	Xestión administrativa	CPR DANIEL CASTELAO	IRLANDA	01/09/2024	01/12/2024	92	4.232,00 €
3ª	2024044531	Santiago Molina Santos	***7431**	Carpintería e moble	CIFP A XUNQUEIRA	IRLANDA	01/09/2024	19/12/2024	110	5.060,00 €
3ª	2024042806	Thomas Barga Rodríguez	***6532**	Xestión administrativa	IES RICARDO MELLA	MALTA	01/09/2024	19/12/2024	110	4.400,00 €

TOTAL AMPLIACIÓN 3ª MOBILIDADE 23.152,00 €

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
6º	2024043243	Rodrigo Feijoo Bautista	***7588**	Navegación e pesca litoral	I.P. M.PESQUEIRO ATLÁNTICO VIGO	ITALIA	01/09/2024	20/03/2025	201	8.040,00 €

TOTAL AMPLIACIÓN 6ª MOBILIDADE 8.040,00 €



MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
7ª	2024044160	Karla María González Ramírez	***9353**	Procedementos de Xoiaría Artística	DISEÑO ATLANTICO	FRANCIA	01/09/2024	30/12/2024	121	4.840,00 €
7ª	2024044485	Tomás Cebeiro Cabo	***9677**	Sistemas Microinformáticos e Redes	IES RAMÓN Mª ALLER ULLOA	MALTA	01/09/2024	26/09/2024	26	1.040,00 €
7ª	2024043999	Xián Alonso Tejero	***7536**	Instalacións de Telecomunicacións	IES PEDRO FLORIANI	ITALIA	01/09/2024	26/09/2024	26	1.040,00 €
7ª	2024043375	Enzo Melón Rodríguez	***6855**	Instalacións de Telecomunicacións	IES PEDRO FLORIANI	ITALIA	01/09/2024	26/09/2024	26	1.040,00 €
7ª	2024043837	Iker Fernández Rivas	***8492**	Guía no Medio Natural e Tempo libre	IES TERRA DE TURONIO	CROACIA	01/09/2024	12/10/2024	42	1.428,00 €
7ª	2024043303	Paula Presa Pérez	***7120**	Guía no Medio Natural e Tempo libre	IES TERRA DE TURONIO	CROACIA	01/09/2024	12/10/2024	42	1.428,00 €
TOTAL AMPLIACIÓN 7ª MOBILIDADE										10.816,00 €
TOTAL AMPLIACIÓN DE BOLSAS 1ª, 3ª, 6ª E 7ª MOBILIDADE										45.850,00 €



12.34057.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024047677)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 1 do “Acordo marco que regule a contratación das obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, empresa Francisco Gomez y Cia, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,87%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 1 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Lalín, Dozón, Rodeiro, Vila de Cruces e Agolada, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 649.940,95 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): RKRPNY23QCW1OGBQ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento A nº 202400014445, por importe de 649.940,95 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/1.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: H4GVWNXEFM0VRKNUinforme de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...informase favorablemente o expediente...”



Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Técnica y Proyectos, S.A. (A28171288), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa Técnica y Proyectos, S.A, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, por un importe estimado de 4.758,30 €.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: EZVE92L74GW1TU9G informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400154305.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobado o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): RKRPNY23QCW1OGBQ.
2. Autorizar o gasto por importe de 649.940,95 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/2.
3. Adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Francisco Gomez y Cia SL* (CIF B15009533), por importe de 649.940,95 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	537.141,28 €
IVE (21 %)	112.799,67 €
Importe total.....	649.940,95 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047677.



Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requerir a *Francisco Gomez y Cia SL* (CIF B15009533), para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 26.857,06 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
6. Adxudicar á empresa Técnica y Proyectos, S.A. (A28171288), o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte 2024048191), por importe de 4.758,30 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.932,48 €
IVE (21 %).....	825,82 €
Importe total.....	4.758,30 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/1.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:



Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024048191.

13.34058.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024047681).

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 2, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa *Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,50%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 2 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Silleda, A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 873.281,10 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 094IUM5I25NOXEP7.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento A nº 202400014446, por importe de 873.238,85 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/2.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: DNHE1A1COJMH82EG de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa *Técnica y Proyectos, S.A.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, por un importe estimado de 6.054,30 €.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: E4RQBFAC0JOW4OXZ informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/2, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400154307.



Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 094IUM5I25NOXEP7.
2. Autorizar o gasto por importe de 873.281,10 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/2.
3. Adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L* (CIF B36533537), por importe de 873.281,10 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	721.719,92 €
IVE (21 %).....	151.561,18 €
Importe total.....	873.281,10 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047681.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Movimientos de Aridos Y Construcciones de Arosa, S.L.*, para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 36.086,00 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
6. Adxudicar á empresa *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288), o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 2-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte 2024048201), por importe de 6.054,30 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	5.003,55 €
IVE (21 %).....	1.050,75 €
Importe total.....	6.054,30 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/2.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024048201.

14.34059.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 4-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024047683).

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 4, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa *Construccions Obras e Viais, S.A.*, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 15,80%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 4 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontevedra, Vilaboa, Ponte Caldelas, A Lama, Cotobade-Cerdedo, Barro, Poio, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior, Moraña e Campo Lameiro, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampin Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 873.693,17 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignouse o código (CSV): B35EP4R0DUS7L9UU.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento A nº 202400084097, por importe de 873.693,17 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/4

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: OGA9BX8WX16GYVWL de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...in fórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (B81470841), o Lote 2 do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)*”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, por un importe estimado de 4.537,50 €.



Considerando.- Que consta no expediente con CSV: MW8B74QJU7O0H25O informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/4, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400154309.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): B35EP4R0DUS7L9UU.
2. Autorizar o gasto por importe de 873.693,17 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/4.
3. Adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Construcciones Obras y Viales S.A.* (CIF A36008886) por importe de 873.693,17 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	722.060,47 €
IVE (21 %)	151.632,70 €
Importe total.....	873.693,17 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047683.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Construcciones Obras y Viales S.A.* para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 36.103,02 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
6. Adxudicar á empresa *Ingeniería Y Prevención de Riesgos, S.L.* (B81470841), o Contrato derivado Lote 2 seguridade e saúde no contrato “*Contrato derivado LOTE 4-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte 2024048221), por importe de 4.537,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.750,00 €
IVE (21 %)	787,50 €
Importe total.....	4.537,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/4.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024048221.

15.34060.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 5-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024047684).

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 5, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa *Construcciones E.C. Casas, S.L.*, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 11,10%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 5 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Salceda de Caselas, Pazos de Borbén, Tui, Pontearreas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Covelo, Arbo e Crecente, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 724.406,32 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): ZBHZ7L0EYDLLMSMR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento A nº 202400014443, por importe de 724.767,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/5.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: OYIVFAYMATE6854X de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa *Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U.* (A82876905), o Lote 3 do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)*”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa *Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, por un importe estimado de 4.404,50 €.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: UBL122WVU0L8X1BG informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/5, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400154719.



Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): ZBHZ7L0EYDLLMSMR.
2. Autorizar o gasto por importe de 724.406,32 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/5.
3. Adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Construcciones E.C Casas SL* (CIF B36147429) por importe de 724.406,32 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	598.682,91 €
IVE (21 %)	125.723,41 €
Importe total.....	724.406,32 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047684.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requisir a *Construcciones E.C Casas SL* para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 29.934,14 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.
6. Adxudicar á empresa *Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U.* (A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “*Contrato derivado LOTE 5-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte 2024048223), por importe de 4.404,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.640,08 €
IVE (21 %).....	764,42 €
Importe total.....	4.404,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/5.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024048223.

16.34061.- AMPLIACIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA) (FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA SUBVENCIÓN DUS500)" (Expte.2023042335)

Resultando.- Que A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024 acordou adxudicar r á empresa *Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.*, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” por un importe de 905.232,63 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que Con data 08/03/2024 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/09/2024.

Resultando.- Que con data 27/06/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2024042820), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, debido a que condicións climatolóxicas adversas dos últimos meses, alteraron o plan de traballos establecido para o correcto desenvolvemento do proxecto de obra, demorando a execución dos traballos en tempo e forma estimados.

Resultando.- Con data 27/10/2023 emitiu informe o director de obra recollendo que “*...Dirección Facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el. Tendo en conta os antecedentes, considérase que o tempo perdido por causas non imputables ó contratista é de 2 meses. Por outra parte, dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar, e atendendo ás condicións meteorolóxicas dos vindeiros meses, solicítase a posta a disposición dos medios necesarios para rematar a obra á maior brevidade posible, polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 29 de decembro de 2023....*”.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: IX60A0003F90R896 informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...a Dirección Facultativa considera xustificada a ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, ata o 08 de novembro de 2024, por existencia de condicións climatolóxicas adversas en diferentes períodos dos case catro meses de execución de obra que se levan realizados á día de hoxe, con case trinta días onde a precipitación diaria foi moi superior aos dez litros por metro cadrado, tendo en conta sobre todo que a maioría dos traballos iniciais que contempla o proxecto consisten en movemento de terras para executar desmontes e terrapléns para realizar o ensanche da estrada provincial, así como a execución de muros de contención de gran dimensión, traballos que se viron moi afectados pola existencia de fortes precipitacións e gran cantidade de auga que caía en superficie pola zona de desmonte cara a estrada provincial, ó atoparnos nunha zona de monte cunha cunha hidráulica moi grande e que verte toda a auga cara o noso ámbito de actuación, verténdoa en superficie debido a estar o terreo completamente anegado pola gran cantidade de precipitacións existentes durante este inverno, tendo no inicio da obra as cunetas en terra completamente cheas de auga e cunha escorrentía superficial constante quenon deixou de verter auga cara elas ata finais de maio, véndose reducidos os ritmos de traballo de movemento de terras de forma drástica debido á combinación das fortes precipitacións acaecidas durante os primeiros tres meses de obra (marzo, abril e maio) e a cantidade de auga que verteu a conca hidráulica no noso ámbito de actuación, non deixando de verter auga polos taludes en rocha ata finais de maio, tendo que traballar na medida do posible estes meses cunha gran cantidade de auga en superficie na plataforma da estrada provincial, tanto por chuvias como por escorrentía superficial, véndose reducidos os prazos de execución dos movementos de terras de forma considerada, existindo días onde, debido á cantidade de auga existente, a Dirección facultativa prohibiu a execución dos terraplenados por falta de seguridade ó estar o terreo completamente anegado e existir risco de desprendemento do terreo, coa posibilidade de arrastrar con el a máquinas e traballadores. A maiores, tamén se viron reducidos os prazos de execución dos muros de contención, sendo imposible executar a cimentación dos mesmos coa cantidade de auga que había en superficie nos sobreeiros da estrada provincial, quedando estes traballos paralizados polo contratista ata que diminuíse a cantidade de auga existente e poder así verter o formigón da cimentación e levantar os muros de contención de forma segura e apoiada nunha cimentación ben executada, considerando que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, determinando que o cómputo total de retrasos producidos polas condicións climatolóxicas adversas durante este inverno xustifican a ampliación de prazo solicitado, tendo en conta sobre todo que no primeiro mes practicamente non se puido traballar pola cantidade de auga que había en superficie. A maiores, non existen afeccións ao proxecto, nin a condicións de execución nin ao prezo do contrato, que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8GYGJ2HRIYBI01ZH, informe conxunto do Xefe de Servizo de Contratación, do Interventor e do Secretario Xeral da Deputación, no que se informa favorablemente a ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 08/11/2024

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”



Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...*Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/ acordou adjudicar á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adjudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* , para a adjudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” por un importe de 1.452,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: ED9PTG3L6Y0T8FAJ, no que se recolle que aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/58, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400153718.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Conceder á empresa *Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.*, (CIF B94181807), unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” Financiado por la Unión Europea_ subvención DUS500, establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/11/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



2. Adxudicar á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (Expte.2024046829), por un importe de 1.452,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe 1.200,00 €
IVE (21 %) 252,00 €
Importe total 1.452,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, con efectos dende o 09/09/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024046829

17.34062.- APROBACIÓN DA PRORROGA DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2020007920).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, nas súas sesións ordinarias celebradas os días 16/11/2020 e 04/12/2020 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra)” de acordo co seguinte detalle polos prezos e valores ofertados:

LOTE 1- ZONAS 7 e 9

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE PONTENORTE II	1.449.097,39 €



LOTE 2- ZONA 4

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	799.574,05 €

LOTE 3- ZONA 5

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES,S.A.-PROVISA VIAS Y OBRAS, S.L.U.	906.153,97 €

Resultando.- Que en referencia ó lote 3 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/11/2021 acordou autorizar a súa cesión a favor da empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Resultando.- Que o contrato do lote 1 formalizouse o día 17/12/2020; o contrato do lote 2 formalizouse o día 4/12/2020; o contrato do lote 3 formalizouse o día 18/01/2020, establecendo un prazo de duración de DOUS (2) ANOS.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 02/06/2023 acordou aprobar a segunda prorroga do contrato “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal. da rede viaria da Deputación de Pontevedra” dende o 06/08/2023 ata o 06/08/2024.

Resultando.- Que con data 03/04/2024 enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do contrato “*Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, (Expte 2023001036), aparecendo publicado o día 5 de abril de 2024 (Anuncio de licitación OJ S 68/2024 199968-2024). Así mesmo, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3HDCWFOQ2BB136ND informe emitido pola directora de xestión do Servizo de Infraestruturas coa conformidade da Deputada Delegada desa área, no que se recolle o seguinte: “...Dentro da rede de estradas da Deputación de Pontevedra, existen 3 ámbitos de conservación, a efectos de xestión (norte, centro e sur) que a súa vez están organizados en 8 zonas de brigadas. Na actualidade a conservación ordinaria está sendo prestada mediante contrato de servizo 2017040163 (contrato que finaliza en 06/08/2024) mentres que a vialidade estase a prestar con medios propios en 4 zonas de brigada e mediante contrato de servizo 2020007920 (contrato que finaliza en 06/08/2024) nas restantes 4 zonas. Dentro do proceso de reestruturación do servizo de conservación de estradas, o seguinte paso é transformar estes contratos nun único contrato de conservación integral, labor que se está a facer na actualidade tendo impulsada unha nova prestación a través do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 2 de abril de 2024 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto deste último contrato. Mediante informe deste servizo de data 27/06/2024 que consta no expediente 2023001036 con CSV: RIFOABHMFXPXZWTKN, ponse de manifesto ao órgano de Contratación a necesidade de modificar a financiación do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (2023001036), estimando a nova data de inicio da execución do mesmo con efectos 01/11/2024, xa que debido ó estado actual de tramitación do expediente, e sendo este un proceso complexo, considérase que os prazos de adxudicación do expediente van a demorarse máis do inicialmente previsto (01/09/2024). [...]. Tendo en conta o carácter esencial da prestación, para evitar que quede desatendida a conservación ordinaria das estradas provinciais así como o mantemento, a atención de incidencias e a prestación da vialidade invernal, atendendo ó establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación aludidos, proponse prorrogar os actuais contratos de “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (2017040163) e “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (2020007920) ata o 31/10/2024 ou, se sucede antes, ata que o novo contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (2023001036) poda iniciar a súa execución...”

Resultando.- Que o gasto da prórroga deste contrato distribúese da seguinte forma:

Período	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
07/08/2024 a 31/10/2024	169.450,91 €	93.498,59 €	105.961,56 €
TOTAL	368.911,06 €		

Resultando.- Que recolle tamén o informe en relación á financiación desta prórroga, que xa se fixeron as correspondentes retencións de crédito para o novo contrato (2023001036), e considerando que os prazos de adxudicación deste expediente van a demorarse máis do inicialmente previsto (01/09/2024), proponse que unha vez realizada a modificación da financiación solicitada para este contrato, as cantidades das prórrogas dos contratos de servizo con expedientes 2017040163 e 2020007920 se financien con cargo a aplicación orzamentaria 24/456.4530.210.00, que unha vez liberados os respectivos importes da modificación correspondentes ás operacións contables reflexadas no seguinte cadro, as cales se atopan en fase A para a anualidade 2024 dos 3 lotes que compoñen o novo contrato, disporase de crédito adecuado e suficiente para afrontar o gasto das prórrogas.



Nº LOTE	Nº operación A	Aplicación Orzamentaria	Importe a liberar
1	202400078833	24/456.4530.210.00	580.000,37 €
2	202400078836	24/456.4530.210.00	542.228,15 €
3	202400078837	24/456.4530.210.00	497.443,16 €

Resultando.- Que actualmente estase a tramitar expediente de reaxuste da financiación do contrato 2023001036 constando no mesmo con Código CSV: KVHC3TUXC1ZJJGPM, informe da xefa do Servizo de Fiscalización, que en relación ó reaxuste da financiación deste contrato informando favorablemente a mesma, recollendo no citado informe que: *“...Na aplicación orzamentaria do ano 2024 existe crédito autorizado no vixente orzamento provincial para os tres lotes que haberá que diminuír na parte correspondente as dúas mensualidades e, respecto da anualidade 2025, 2026, 2027 e 2028, o gasto quedará condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos na referida aplicación orzamentaria.*

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV) YP7NRPOPVZND8WFC, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente informe da directora de xestión do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) 3HDCWFOQ2BB136ND recollendo o seguinte: *“...Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo....”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, (CSV) HCV1PEGTBKMQOU2B que recolle o seguinte: *“...infórmase favorablemente a proposta, condicionando a aprobación da prórroga, a que polo Pleno da Corporación se aprrobe o reaxuste da financiación do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte 2023001036), e como consecuencia dese reaxuste se poida incorporar ás ampliacións orzamentarias correspondentes os importes que permitan incorporar a este expediente, certificado de existencia de crédito ou documento contable RC....”*



Considerando.- Que o artigo 29.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, recolle no seu parágrafo 5 o seguinte: “...cando ó vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garante a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razón de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se houbera publicado coa antelación mínima de tres meses respecto da finalización do contrato orixinario.

Considerando.- Que se trata dunha prorroga extraordinaria prevista no artigo 29.4 da LCSP debido a que ó vencemento deste contrato non se formalizou o novo contrato que garante a continuidade da prestación a realizar polo contratista, xa que actualmente o expediente de contratación atópase en licitación, producíndose a apertura dos sobres “c” correspondentes á documentación avaliada mediante criterios de valoración automática, na Mesa de Contratación de data 27/06/2024. A licitación seguiría cos trámites propios recollidos nos artigos 149 e 150 da LCAP, relativos ás ofertas anormalmente baixas, con requirimento cun prazo de CINCO DÍAS HÁBILES para a xustificación das ofertas que se atopen neste suposto para posteriormente proceder ó seu estudo da e clasificación. Aceptada a clasificación polo órgano de contratación, requirirase ó licitador que presentara a mellor oferta para que no prazo de DEZ DÍA HÁBILES presente a documentación xustificativa establecida no PCAP entre a que se atopa a acreditación dos medios que se comprometera a dedicar á execución do contrato, así como a constitución da garantía definitiva. Todos estes trámites, levaríanos a estimar que se elevaría ó Órgano de Contratación a proposta de adxudicación no mes de agosto, mes que habitualmente non se celebra o Pleno da Corporación, o atoparse os seus membros de vacacións, polo que a proposta pasaría a levarse para a súa adxudicación no Pleno do mes de setembro, que se celebra o último venres do citado mes. Ó tratarse este un procedemento cuxo acto de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación, non poderá formalizarse o contrato nos quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de adxudicación ós licitadores, período de tempo que transcorrería no mes de outubro. Facendo un cómputo máis ou menos aproximado, e tendo en conta as circunstancias e prazos propios da licitación, anteriormente mencionados queda xustificada a causa pola que este contrato non se iniciaría ata o día 01/11/2024, polo que procedería o reaxuste das cantidades da financiación...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar unha prorroga extraordinaria do contrato “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” dende o 06/08/2024 ata o 31/10/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “*Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” poida iniciar a súa execución.



A aprobación desta prórroga queda condicionada a que polo Pleno da Corporación se aprobe o reaxuste da financiación do contrato “*Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2023001036), e como consecuencia dese reaxuste se poida incorporar ás ampliacións orzamentarias correspondentes, os importes que permitan incorporar a este expediente, certificado de existencia de crédito ou documento contable RC.

- No caso de que se aprobe polo Pleno da Corporación o reaxuste da financiación do contrato “*Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (Expte 2023001036), e na súa consecuencia se incorpore a este expediente certificado de existencia de crédito ou documento contable RC, na aplicación orzamentaria correspondente, autorizar o gasto por importe de 368.911,06 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

Período	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
07/08/2024 a 31/10/2024	169.450,91 €	93.498,59 €	105.961,56 €
TOTAL	368.911,06 €		

18.34063.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO PATROCINIO PUBLICITARIO, POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DA SAÍDA E CHEGADA DA ETAPA 10ª DA “VOLTA CICLISTA 2024” (Expte. 2024035051)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36.1.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, e así mesmo o artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provincias as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O deporte é un espectáculo de alcance mundial e cun gran poder de comunicación. Os acontecementos deportivos gozan de enormes niveis de audiencia e los deportistas, verdadeiros ídolos mundiais, convertéronse en prescriptores de gran influencia. Por esta razón, diversos organismos de alcance internacional como Turespaña, optaron por utilizar o deporte como ferramenta de promoción de destino, aproveitando ademáis os éxitos dos nosos deportistas nos derradeiros anos. Trátase dunha estratexia con alcance global pero especialmente efectiva en mercados emerxentes.



Neste sentido incorpórase a estes eventos deportivos, LA VUELTA 24, o maior evento ciclista do noso país. Trátase dunha carreira por etapas profesional de ciclismo en ruta masculino disputada ao longo da xeografía española, entre finais de agosto e mediados de setembro. É unha das tres Grandes Voltas, pertencente ao calendario UCI WorldTour. Disputándose, por primeira vez en 1935, sendo a actual a edición número 79. Resumindo, esta edición 79 celebrarase entre o 17 de agosto de 2024 e o 8 de setembro de 2024, cuxa saída terá lugar desde Lisboa e a súa chegada a Madrid. Recorrerá unha infinidade de provincias española, recabando o 27 de agosto do 2024 na provincia de Pontevedra. Concretamente, disputarase a etapa 10 entre Pontearreas e Baiona, cun recorrido de 160 kilómetros de montaña. Iniciando a súa saída no municipio de Pontearreas, pasando por Alto de Fonfría, O Rñias do Pazo, Salvaterra do Miño, Tui, Tebra, Alto de Vilachán, Loureza, Alto de Mabilia, Alto de Mougás e finalizando o percorrido no concello de Baiona.

Todo elo retransmitido por RTVE, en directo desde a primeira hora da mañá e a través dos diversos canais da empresa pública, así como a través de Eurosport, con máis de 145 horas en directo, en edicións anteriores; máis de 18 millóns de espectadores en algún momento concreto da carreira, solo en España. E con máis de 48 millóns de horas visionadas acumuladas en España.

En base ao exposto, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e prace da deputada delegada, propón mediante providencia de inicio, de data 29/05/24, a contratación do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Vuelta Ciclista 2024, coa única empresa que conta cos dereitos en exclusividade da proba “La Vuelta Ciclista a España 2024”, Unipublic, S.A.U. (NIF: A28406775). Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas (CSV: V6RKJMN354PYZ2E9) e certificado de exclusividade (CSV: 5QMM168IF7SGSUTO).

Visto que con data 07/06/24, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400128607 polo importe de 140.000,00 € con cargo á aplicación 24/433.4320.226.20 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico- administrativas particulares e, con data 12/06/2024, solicita o preceptivo informe a Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14/06/2024, e as observacións contidas no mesmo.



Visto que con data 18/06/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/07/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

1.-Xustificación do prezo proposto.

A determinación do importe da contratación proposta esixe unha valoración da prestación económica a abonar, que nun contrato de patrocinio se entende referenciado á valoración do retorno publicitario.

O prezo proposto non pode exceder da valoración do retorno e debe xustificarse en función do mercado.

A este respecto sinalar, que no informe complementario do Servizo, (CSV: JEAZCZOMVKRSNI5V), recóllese que “queda, claramente justificado, el retorno publicitario del precio fijado por Unipublic SL en 140.000,00 €. Si bien para complementar que dicho precio es un precio de mercado podemos tener en cuenta cualquiera de los contratos de medios de los que dispone el servicio de turismo y los informes de repercusión de la publicidad de los mismos. Si realizamos dicha comparación el retorno publicitario de una sola etapa de la Vuelta a España, es más favorable que toda la inversión en medios que se hace anualmente a través de la campaña de Turismo Rías Baixas, por lo que desde el servicio de turismo se informa favorable la justificación del precio”.

En relación a isto, se ben, ao parecer, o prezo proposto non supera o valor do retorno, advírtese da falta duns criterios obxectivos para a determinación do mesmo, o prezo do contrato debería determinarse en base a parámetros obxectivos e cuantificables. A correcta valoración do retorno esixiría un maior detalle a incorporar nun estudo económico avaliado e conformado polo Servizo ou elaborado por unha empresa especializada contratada pola Deputación de Pontevedra, con desglose dos medios de difusión e valoración económica dos impactos publicitarios e do conseguinte valor de retorno para esta Deputación.

2.-Outras observacións

O contrato de patrocinio ten natureza xurídica de contrato publicitario (art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeneral de publicidade). A causa do contrato de patrocinio (a necesidade da Deputación) é, con carácter preferente, a colaboración do patrocinado e a súa actividade na publicidade da Deputación,

ao tempo que co prezo do contrato se axuda ao financiamento da súa actividade.

Neste senso a publicidade institucional so se poderá realizar, entre outros supostos, cando existan razóns de interese público que afecten a asuntos da competencia da Deputación e para dar a coñecer dereitos, deberes, servizos e actividades á cidadanía, programas e actuacións públicas de relevancia e interese social ou recursos turísticos da provincia.



En relación ao establecido nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2023001138, “Con carácter xeral o “retorno publicitario” implícito en todo patrocinio debe ir máis aló da mera inserción do nome ou logotipo da Deputación, resultando recomendable que se publicite a imaxe da provincia ou dos seus territorios (os seus valores históricos, culturais, deportivos, sociais, turísticos, etc.), ou a actividade prestacional despregada pola Deputación para posibilitar o seu coñecemento pola cidadanía, de acordo cos obxectivos fixados no artigo 3 da Lei 29/2005”, na providencia de inicio do expediente ponse de manifesto a singularidade do evento e que o beneficio de realizar este patrocinio ven xustificado, por un lado, pola gran capacidade que ten o evento de chegar ao gran público por ser unha das poucas competicións deportivas que emite enteira pola televisión en aberto en España, e por outro lado polo prestixio col que conta xa que é unha das 3 grandes probas ciclistas do mundo.

Sinalar, non obstante que, con carácter previo ao recoñecemento da obriga e pago do patrocinio, deberá achegarse unha memoria do desenvolvemento da actividade xunto cos documentos que acrediten o efectivo cumprimento das medidas de publicidade e promoción comprometidas.

Tendo en conta que, con data 10/07/2024, o xefe do Servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado. O procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), sendo este o procedemento ordinario (art. 131.2 LCSP).

Tendo en conta o artigo 26 LCSP, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.^a e 2.^a do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade :

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10^a da *Vuelta Ciclista 2024*.

O prazo de duración máximo do contrato será de 4 meses, a contar desde a formalización do contrato, e, en todo caso, ata o 8 de setembro de 2024.

Así mesmo, o prazo de execución do patrocinio da etapa n^o 10 corresponderá co día de celebración da mesma, o 27 de agosto de 2024.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 140.000,00 €.

O valor estimado é de 115.702,48 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSVRE5SS3PFT8BZX4KC) e de prescricións técnicas (CSV: Y57JN0FNQ3G2NWWR) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 140.000 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.226.20 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato e dar traslado desta resolución acompañada dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas á empresa UNIPUBLIC, S.A. (CIF A28406775), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica (VORTAL).



19.34064.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ACORDO MARCO 21/2023, “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO” DENTRO DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA. (Expte.2024039881).

A Deputación de Pontevedra conta cun amplo parque de vehículos e maquinaria necesarios para o normal exercicio das actividades propias da Institución Provincial, segundo as competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, que precisan diferentes tipos de combustibles para o seu funcionamento.

Despois de ser convocados dous procedementos abertos e un negociado sen publicidade que foron declarados desertos, a Deputación de Pontevedra acordou adherirse, en data 31 de marzo de 2021, ao Acordo Marco 21/2020 “Subministración de combustibles en estacións de servizo” da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación. No obstante, se ben o contrato baseado no citado Acordo Marco AM 21/2020 – Lote 1 que actualmente ten adxudicado a Deputación de Pontevedra finaliza o vindeiro 30 de novembro de 2024, o propio Acordo Marco finalizou o 31 de maio de 2024, non tendo posibilidade de máis prórrogas.

En data 1 de xuño de 2024 entrou en vigor o novo Acordo Marco 21/2023, de subministracións de combustibles en estacións de servizo da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e, a vista da funcionalidade do anterior Acordo Marco, este sistema resulta ser o máis idóneo para acometer a contratación que se pretende. A Deputación de Pontevedra correspóndelle o Lote 1 “Península” e as empresas adxudicatarias do citado lote son:

- COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETROLEOS, S.A. (NIF: A28003119)
- SOLRED S.A. (NIF: A79707345)

A contratación mediante este sistema ten como finalidade a subministración de combustibles en estacións de servizo destinados a vehículos, maquinaria agrícola, grupos electrógenos, outros motores, etc., sendo os combustibles a subministrar os seguintes:

- Gasolina
- Gasóleo A
- Gasóleo B
- Bioetanol
- Biodiesel
- Gas licuado de petróleo (GLP) ou autogás.



Así mesmo, poderanse adquirir aditivos para a redución e depuración das emisións de gases de escape contaminantes producidas nos motores que o requiran, en disolucións de urea e auga desmineralizada principalmente (tipo AdBlue).

Con data 10 de xuño de 2024, o Xefe de Contratación, Facenda e Patrimonio, co visto e praxe da Deputada Delegada, propón adherirse ao Acordo Marco específico 21/2023 de subministración de combustibles en estacións de servizo do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeneral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda, que habilita ás Entidades Locais asociadas para a contratación da subministración de combustible en estacións de servizo a través dun procedemento administrativo simplificado, que finaliza na adxudicación dun contrato baseado no Acordo marco.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 11 de xuño de 2024, no que sinala “... Tendo en conta que os contratos baseados no Acordo Marco 21/2020 mostráronse como o sistema máis axeitado para a contratación da subministración de combustibles, debido á complexidade da tramitación destes tipos de contratos e a necesidade de contar con persoal técnico moi especializado nesta materia para a preparación do expediente. Ademais, é unha oportunidade para abaratar custos utilizando a economía de escala e evítanse a multiplicidade de esforzos na xestión dos expedientes. Por iso, propónse a adhesión da Deputación ao novo Acordo Marco 21/2023 para a subministración de combustibles en estacións de servizo da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, do Ministerio de Facenda...”.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 24 de xuño de 2024.

Visto o informe favorable da Intervención de data 10 de xullo de 2024.

Considerando o sinalado na Disposición transitoria única da Orde HAP/2834/2015, de 28 de decembro, “Aqueles entes e entidades que contén cun acordo de adhesión vixente no momento de entrada en vigor desta Orde, entenderanse adheridos á Central de Contratación do Estado e a cada un dos acordos-marcos específicos aos que se adherida, salvo renuncia expresa”.

Considerando o disposto no artigo 229.3 da LCSP establece que:” O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda para contratarsuministros declarados de contratación centralizada..”.

Considerando o disposto no apartado 7 do mesmo artigo: “A contratación de ...suministros centralizados poderá efectuarse a través dos seguintes procedementos: ..b) A través de Acordos Marco”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a Adhesión da Deputación de Pontevedra ao Acordo Marco 21/2023, “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*” dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

20.34065.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN SDA 24/2022 “SUBMINISTRO DE EQUIPOS DE COMUNICACIÓN, SERVIDORES E SISTEMAS DE ALMACENAMIENTO” DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA. (Expte.2024041759).

A intención de solicitar a adhesión a este sistema dinámico de adquisición ven motivada polo interese de contratar a renovación do mantemento do sistema de seguridade perimetral (Firewall) da Deputación de Pontevedra. Un firewall é un sistema de seguridade de rede das computadoras (hardware e software) que restrinxe o tráfico de Internet entrante, saínte ou dentro dunha rede privada. Funciona bloqueando ou permitindo os paquetes de datos de forma selectiva.

Posta de manifesto esta necesidade desde o Servizo de Novas Tecnoloxías, considérase o feito de que no pleno ordinario celebrado o 27 de febreiro de 2015, aprobouse a adhesión da Deputación de Pontevedra ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, actualmente Ministerio de Facenda, permitindo a adhesión á antedita Central de Contratación a posibilidade de contratar servizos e subministracións de acordo ás condicións e prezos establecidos en contratos e acordos marco que se subscriben entre a central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Entre os sistemas dinámicos subscritos pola devandita Central atópase o SDA 24/2022 de subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento, que se estrutura en dous lotes independentes, en función do tipo de bens obxecto de adquisición.

A vista de que o referido sistema dinámico de adquisición entrou en vigor o 17 de novembro de 2022, cunha vixencia de dous anos, e á Deputación de Pontevedra interésalle o lote 1: *equipos de comunicacións*.



Neste momento a contratación mediante este sistema tería como finalidade a contratación dun sistema de seguridade perimetral (Firewall) para a Deputación de Pontevedra. No obstante, se fora necesario poderíase acudir ao mesmo no resto das subministracións que se precisen e que se inclúen nos dous lotes do antedito Sistema Dinámico.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 12 de xullo de 2024, no que sinala *“A vista de que, segundo indica o servizo de Novas Tecnoloxías, esta subministración é imprescindible para axudar a previr a actividade maliciosa e evitar que calquera persoa (dentro ou fóra da rede privada) poida realizar actividades non autorizadas na web da Deputación de Pontevedra, resulta aconsellable a adhesión da institución provincial a este tipo de sistemas dinámicos das centrais públicas, por razóns de eficiencia e eficacia, ademais de ser unha oportunidade para abaratar custos utilizando a economía de escala e evitar a multiplicidade de esforzos na xestión dos expedientes.*

Por iso, propónselle ao órgano de contratación a adhesión da Deputación ao SDA 24/2022 de “subministración de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento”. Enténdese que o órgano competente para acordar esta adhesión é a Xunta de Goberno xa que non se prevé superar os límites indicados na Disposición Adicional Segunda apartado 1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Deste xeito, non se prevé superar os importes de 6.000.000,00€ nin o do 10% do orzamento dos recursos ordinarios da Deputación de Pontevedra, e ademais tampouco se prevé realizar contratos que superen os 4 anos de duración.

En canto á adjudicación dos contratos específicos do Sistema Dinámico de Adquisición da Central de Contratación, o órgano competente determinaríase de conformidade co establecido na DA2ª LCSP e as Bases de Execución do Orzamento”.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 26 de xuño de 2024.

Vista o informe favorable da Intervención de data 10 de xullo de 2024.

Considerando o sinalado na Disposición transitoria única da Orde HAP/2834/2015, de 28 de decembro, *“Aqueles entes e entidades que contén cun acordo de adhesión vixente no momento de entrada en vigor desta Orde, entenderanse adheridos á Central de Contratación do Estado e a cada un dos acordos-marcos específicos aos que se adherida, salvo renuncia expresa”.*

Considerando o disposto no artigo 229.3 da LCSP establece que: *“O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda para contratarsubministracións declaradas de contratación centralizada..”.*

Considerando o disposto no apartado 7 do mesmo artigo: *“A contratación de ...subministracións centralizadas poderá efectuarse a través dos seguintes procedementos: .. c) A través de sistemas dinámicos de adquisición”.*



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a Adhesión da Deputación de Pontevedra ao SDA 24/2022 de “*subministración de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento*” dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

21.34066.- APROBACIÓN DO REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2024002812).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 19 de abril de 2024, adxudícase á empresa *Espúblico Servicios para la Administración, S.A.* (CIF A-50878842), o contrato relativo á prestación do “*Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra*”, por tres anos de duración, con posibilidade de prórroga dun ano, e un importe máximo de 2.055.519,81€, 21% de IVE engadido, autorizando a financiación das obrigas derivadas do contrato con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total (co IVE)
2024 (9 meses)	24/926.9260.227.06	513.879,95 €
2025	25/926.9260.227.06	685.173,27 €
2026	26/926.9260.227.06	685.173,27 €
2027 (3 meses)	27/926.9260.227.06	171.293,32 €
TOTAL		2.055.519,81 €



No Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, na cláusula 4 contemplouse que “se poderá realizar un axuste orzamentario en función da data de formalización do Contrato”

En data 22 de maio de 2024, formalizouse o contrato por un período de tres anos coa posibilidade dunha prórroga de 1 ano.

Dado que no acordo da Xunta de Goberno do 19 de abril de 2024 o cadro de financiamento contemplaba 9 meses de execución e que a sinatura do contrato foi realizada, en data 22 de maio de 2024, compre o reaxuste da financiación do contrato, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total (co IVE)
2024 (7 meses e 10 días)	24/926.9260.227.06	418.456,37 €
2025	25/926.9260.227.06	685.173,27 €
2026	26/926.9260.227.06	685.173,27 €
2027 (4 meses e 21 días)	27/926.9260.227.06	266.716,90 €
	TOTAL	2.055.519,81 €

Intervención emite informe favorable ao reaxuste do financiamento (CSV: H21R9LH2EBMFC3YT) conforme a táboa anterior.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a redistribución dos importes de financiamento do contrato para a prestación do “Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra” conforme a seguinte táboa:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total (co IVE)
2024 (7 meses e 10 días)	24/926.9260.227.06	418.456,37 €
2025	25/926.9260.227.06	685.173,27 €
2026	26/926.9260.227.06	685.173,27 €
2027 (4 meses e 21 días)	27/926.9260.227.06	266.716,90 €
TOTAL		2.055.519,81 €

Os importes correspondentes ás anualidades 2025, 2026 e 2027, quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.



22.34067.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024049031
E 2024048150)

a) Vista a relación de facturas con número 2024049031, que contén unha factura e por un importe de 46,71€, e con CSV: N5EG786X94H7LG94, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/07/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	46,71 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	46,71 €

b) Vista a relación de facturas con número 2024048150, que contén 6 facturas e por un importe de 9.145,19€ e con CSV: 98XWEOEYOY1ARU8XG7, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/07/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	9.145,19 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	9.145,19 €



23.34068.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2024049030)

Vista a relación de facturas con número 2024049030, que contén 3 facturas e por un importe de 3.267,00€ e con CSV: NB7O6KEHYW20KKZN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/07/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	3.267,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	3.267,00 €

24.34069.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORADA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9701 BAIÓN – ANDRÁS, DO PQ. 0+000 AO PQ. 0+560 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”. (EXPTE. 2024027502)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.



Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 9701 Baión – Andrés, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa. As obras a executar consisten na construción dunha senda peonil de formigón coloreado pola marxe esquerda da antedita estrada provincial entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+500, punto onde se inicia o núcleo de poboación de Abelleira, creando desta forma un novo espazo peonil seguro e continuo que permita conectar as beirarrúas da PO-531 cos núcleos de poboación e os equipamentos públicos existentes no ámbito de actuación. A maiores, se contempla executar unha pequena zona de convivencia en formigón coloreado do P.Q. 0+500 ao P.Q. 0+560, treito no que, debido á existencia de edificacións consolidadas nas marxes da estrada, non é posible segregar os espazos entre peóns e vehículos motorizados, necesitando realizar unha pequena zona de convivencia, con preferencia peonil, para conectar a nova senda contemplada no proxecto co núcleo de poboación da Abelleira.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión – Andrés, do pq. 0+000 ao pq. 0+560*”, no termo municipal de Vilanova de Arousa. O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	794.992,44 €
IVE 21%	166.948,41 €
Presuposto base de licitación con IVE	961.940,85 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: DEAA49Z1NS8ZF4HK).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O convenio foi rexistrado na plataforma Cividas (Cod. nº2024000164).

Existe proxecto supervisado pola Xefatura de Servizos Técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV: H60TG02QMHJLPPLA) e informe de supervisión (CSV: 8M1OPAXQTO1ZFDPI).



Existe informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: R71FX1UXW4IYAEMM).

Existe informe de grado de prioridade da actuación da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: R4K3OJMMV02AKF40).

Existe informe da urxencia das expropiacións da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: RY0BBV1OT0Y2FXJ7).

Existe informe de Secretaría Xeral co (CSV: 98UUWMDOQYF69BP0)

Existe informe de Intervención co (CSV: WMLZA8WA8LKZUY5A)

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Vilanova de Arousa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	769.552,68 €	80
Concello de Vilanova de Arousa	192.388,17 €	20
Total obras	961.940,85 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilanova de Arousa:

Organismo	Achega	%
Concello de Vilanova de Arousa	19.298,92 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓN S	19.298,92 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 211.687,09 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilanova de Arousa.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencia de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a *Deputación Provincial de Pontevedra* e o Concello de Vilanova de Arousa co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9701 BAIÓN – ANDRÁS, DO PQ. 0+000 AO PQ. 0+560 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Gonzalo Durán Hermida, alcalde do Concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*



III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9701 Baión - Andrés, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa e ten unha lonxitude de 9.218 m.*

VI.- *Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+560 da E.P. 9701 Baión – Andrés, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para a creación dunha actuación que permita unha mellora da mobilidade peonil no treito indicado. Esta actuación se leva a cabo coa fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade da estrada provincial para acudir aos diferentes equipamentos públicos existentes no entorno, como poden ser o CEIP de Sestelo - Baión, a Gardería ou o Centro de Saúde de Baión.*

Esta situación demanda crear desde o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+500 unha área segregada do tráfico motorizado que permita realizar os desprazamentos a pé de forma cómoda e segura, e unha pequena zona de convivencia desde o P.Q. 0+500 ao P.Q. 0+560 pola imposibilidade de segregar neste treito o espazo peonil do motorizado, ó existir edificacións consolidadas nas marxes da estrada. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - Andrés, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”.

VII.- *Que a actuación consiste en executar unha senda peonil, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, pola marxe esquerda da E.P. 9701 Baión - Andrés, entre o P.Q. 0+000, punto onde existen na actualidade beirarrúas pertencentes á estrada autonómica PO-531, e o P.Q. 0+500, punto onde inicia o núcleo de poboación da Abelleira, creando desta forma un novo espazo peonil seguro e continuo que permita conectar as beirarrúas da PO-531 cos núcleos de poboación e os equipamentos públicos existentes no ámbito de actuación. A maiores, se contempla executar unha pequena zona de convivencia en formigón coloreado do P.Q. 0+500 ao P.Q. 0+560, treito no que, debido á existencia de edificacións consolidadas nas marxes da estrada, non é posible segregar os espazos entre peóns e vehículos motorizados, necesitado realizar unha pequena zona de convivencia, con preferencia peonil, para conectar a nova senda contemplada no proxecto co núcleo de poboación da Abelleira.*

Para a recollida das augas pluviais da plataforma, se proxecta executar un caz prefabricado de formigón entre a senda peonil e o aglomerado, na marxe esquerda da estrada, co fin de recoller e dirixir as augas pluviais cara os sumidoiros correspondentes. Ademais, se contempla renovar o aglomerado na totalidade do ámbito de actuación, debido ó estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade.



Para finalizar, realizarase a correspondente sinalización horizontal e vertical para deixar correctamente sinalizada a estrada provincial no ámbito de actuación, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce de calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizáble e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

VIII.- A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede soterrada de pluviais ao longo dos 560 metros de actuación, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.

IX.- Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - Andrés, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte do aglomerado existente e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción dunha senda peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+500 da E.P. 9701 Baión - Andrés, pola marxe esquerda da estrada, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, e unha zona de convivencia entre o P.Q. 0+500 e o P.Q. 0+560 da estrada, sobreelevada con respecto da rasante do aglomerado e executada en formigón coloreado.

A maiores, se colocará entre o aglomerado e a senda peonil un caz prefabricado de formigón que permitirá recoller as augas que caían na plataforma os días de chuvia.

Ademais, o proxecto contempla a renovación do aglomerado na totalidade do ámbito de actuación, debido ó elevado estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical no ámbito de actuación.



Por último, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución, ao longo da totalidade do ámbito de actuación, dunha nova rede soterrada de recollida de augas pluviais, unha nova rede soterrada de electricidade e telecomunicacións, co fin de soterrar os cables existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha rede soterrada de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.

Segunda.- Importe.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a setecentos noventa e catro mil novecentos noventa e dous euros con corenta e catro céntimos (794.992,44 €), máis cento sesenta e seis mil novecentos corenta e oito euros con corenta e un céntimos (166.948,41 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de novecentos sesenta e un mil novecentos corenta euros con oitenta e cinco céntimos (961.940,85 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	769.552,68 €	80
Concello de Vilanova de Arousa	192.388,17 €	20
TOTAL OBRAS	961.940,85 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilanova de Arousa:

Organismo	Achega	%
Concello de Vilanova de Arousa	19.298,92 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	19.298,92 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 211.687,09 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello. O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilanova de Arousa.



Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Vilanova de Arousa obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 anterior.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - Treito antigo de 145 metros lineais situado no pq. 0+560 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 9701 Baión-András.*
 - Treito antigo de 47 metros lineais situado no pq. 3+780 (marxe dereita) da estrada provincial E.P. 9701 Baión-András.*
 - Treito antigo de 333 metros lineais situado no pq. 5+570 (marxe dereita) da estrada provincial E.P. 9701 Baión-András.*



- Treito antigo de 93 metros lineais situado no pq. 5+950 (marxe dereita) da estrada provincial E.P. 9701 Baión-András.
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.
- 2) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Vilanova de Arousa faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.



A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio. E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra
Luis López Diéguez*

*Polo Concello de Vilanova de Arousa
Gonzalo Durán Hermida*

*O Secretario da Deputación
Provincial de Pontevedra,*

Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



25.34070.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2024 (Expte. 2024030932)

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no artigo 36.1 d) que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios é unha competencia propia das Deputacións provinciais.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para Actividades de carácter Turístico durante o ano 2024

O 2 de xullo de 2024 emítese informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: RWVLZE653W7ZREB8)

O 13 de maio de 2024 emítese informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: NK6H361BNWFBQOEW)

O 16 de xullo de 2024 Intervención emite informe con observacións (CSV: VUNMJJ6LAYN5OVD) e certifica a existencia de crédito por importe de 80.000,00 € na aplicación 24/433.4320.489.01, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202400155472.



II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para Actividades de Carácter Turístico durante o ano 2024, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 80.000,00 €, na aplicación 24/433.4320.489.01.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16^a das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para Actividades de Carácter Turístico durante o ano 2024 que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV):F90KOG8Y22HV66LC



26.34071.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

27.34072.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

28.34073.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

